

NUMERAIS E INDEFINIDOS

1. Clasifica os numerais e indefinidos que atopas no texto:

Así non se pode traballar!

Breixo entrou no estudio decidido a acabar o cadro.
 As dúas modelos, riseiras, xa estaban preparadas:
 a primeira suxeitaba o cántaro; a segunda, algunhas flores.
 O pintor colleu a paleta coa man dereita e alongou
 a outra man para coller os pinceis do bote. Pero este
 estaba baleiro.
 –Onde están todos os pinceis? Uxío! Mateo! Rafa!
 Pobre Breixo! Desde que os tres rapaces decidiran
 ser pintores, coma seu pai, non podía traballar tranquilo.
 Sempre lle faltaba algo...



Numerais		Indefinidos	
Cardinais	Ordinais		

2. Escribe usando os ordinais correspondentes, coma no exemplo.



- o corredor 5 ➤ o quinto corredor
- o concursante 3 ➤ _____
- a planta 2 ➤ _____
- a clasificada 1 ➤ _____
- o piso 7 ➤ _____

3. Copia cada oración completándoa cun numeral e cun indefinido. Non podes repetir ningún.

dúas • tres • sete

moitas • ningún • algúns

■ Temos



contos, pero non temos



libro de teatro.

■ Por aquí hai



xoaniñas de



puntos.

■ Aquí tes



mazás e



amorodos.